

O OFICIO DE CONTAR: PROPOSTAS DIDÁCTICAS




TESOUROS VIVOS NO CAMIÑO DE INVERNO //

CELSO DE LALÍN E O CONTAR



Visualizade este vídeo.

Facemos un alto no camiño en **Lalín** para lle botar un conto con **Celso**, un auténtico Tesouro Vivo que garda no seu bico os **contares** que a Grandísimos Tesouros lle escoitou, á par que se facía con esa exquisita arte de os contar.



COLECCIÓN DE TESOUROS VIVOS



Para saber máis

Os Tesouros Humanos Vivos, como ben podeades ler [aquí](#), son individuos que posúen en sumo grao os coñecementos e técnicas precisas para interpretar ou recrear determinados elementos do patrimonio cultural inmaterial.



Sáide na procura dun tesouro vivo na vosa contorna. Unha vez que o atopedes podedes **dárnolo a coñecer**, así como os saberes que atesoura, a través de gravacións en audio e/ou en vídeo, textos, fotografías... Cantas máis xente buscadora de tesouros vivos sexades, máis tesouros poderemos atopar.




Cos tesouros vivos atopados podedes **facер unha galería virtual** dos tesouros vivos da vosa contorna, de tal modo que se coñezan e recoñezan no mundo enteiro. A posta en escena da presentación da colección de tesouros vivos pode ser arremedando a unha galería de arte, onde cada retrato de cada tesouro vivo estea enmarcado nun cadro e que clicando nel poidas saber máis sobre a persoa protagonista e os saberes que atesoura.




Como os tesouros vivos serán veciñas e veciños da vila, tamén podedes organizar unha **busca do tesouro virtual** na que, a base de ir dando pistas nas redes sociais, se convide á veciñanza a tentar adiviñar de quen se trata, e só cando alguén o adiviñe se dará a coñecer a identidade deste, aproveitando para presentalo.

SABEDORÍA POPULAR 3.0



Quen é esa persoa vella da túa contorna que en base á súa bagaxe vital e saberes populares, che ten dado grandes aprendizaxes? A túa avoa ou avó? Un tío? Unha veciña?



Inspirádevos na canle "As cousas do Choio" e **presentádenos** á vosa avoa, avó ou persoa vella que vos sexa próxima mostrando algo que vos contara ou aprendera que vos fora de proveito e queirades compartir co mundo.

"As cousas do Choio"



NA PROCURA DA HISTORIA PERDIDA



Como ben dá mostra Celso coa historia de Samuel co lobo, a relación dos humanos cos animais sempre dou moito que contar.

Escollede un animal, calquera, o único requisito que ha de cumprir é que a xente da vosa contorna (presente ou pasada) teña relación con el.

Entrevistade e gravade a persoas vellas preguntándolles por este animal coma se vós non souberades de que animal se trata. Preguntade por todo o que se vos ocorra: descrición física, como é o carácter e a vida do animal, como é a súa relación cos seres humanos e resto de animais, que facer se nos atopamos con el, como interactuar con el, anécdotas de encontros con el, o que lle contaron que lle pasou a alguén en relación ao dito animal...

Como se fan entrevistas.





De entre todos os relatos recollidos, escollede os que máis vos presten e podedes **editar un caderno sonoro físico ou en liña**, que conteña o audio e transcripción dos relatos, así como unha breve presentación da persoa informante.



Podedes titular o recompilatorio: "*O q non sabías e deberías saber sobre...*" abrindo a posibilidade de facer unha colección na que en cada número se aborde un animal diferente.

CONTAR A VIDA



Pensade, de xeito individual, en algo que vos acontecera, extraordinario ou non, que consideredes de mérito para contar e contádeo. **Organizade unha ronda de contadas** (arredor dun lume sería óptimo, ou tamén dunha mesa con viandas). Se non se vos ocorre nada sobre a vosa vida, podeades contar algún relato que vos teñan contado algunha persoa vella nas indagacións das propostas anteriores.

Ademais dos consellos que nos dá Celso, aquí tedes algúns recursos arredor da oralidade:

Recursos de oralidade, da Asociación de Profesionales de la Narración Oral de España.





E se vos pide o corpo formación neste ámbito, ademais de non deixar de escoitar as persoas vellas que aínda conservan a arte de narrar, aquí tedes unha escola onde facelo:

**Centro de Interpretación da
Oralidade do Concello de Vigo.**



RECURSOS



Para saber aún más

**Sitios webs, publicaciones e
selección bibliográfica**



Celso no programa Luar da CRTVG:

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/contos-de-lareira-con-celso-fernandez-sanmartin-4574835>



Sobre literatura e narración oral:

<https://galiciaencantada.com/index.asp>

<https://narracionoral.es/index.php/gl/>

<https://www.pepbruno.com/index.php?>

[option=com_content&view=article&id=735:el-narrador-oral-definicion-y-clasificacion&catid=48&Itemid=163&lang=es](https://www.pepbruno.com/index.php?option=com_content&view=article&id=735:el-narrador-oral-definicion-y-clasificacion&catid=48&Itemid=163&lang=es)

<https://www.facebook.com/narracionorgalega/>

<https://orellapendella.gal/>



Galerías de Tesouros Vivos:

<https://www.proxectotesourosvivos.gal/ostesouros>

<https://pontenafala.wordpress.com/>

**Publicación feita por Xandobela | Educación e Cultura
ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021
da Xunta de Galicia**

AUTORAS:

María Jesús (Chus) Caramés Agra e Nerea Couselo Fernández.
Decembro 2020.

MÁIS INFORMACIÓN:

<http://xandobela.info/>
[https://www.proxectotesourosvivos.gal/
info@xandobela.info](https://www.proxectotesourosvivos.gal/info@xandobela.info)





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia